

Asistencia técnica para a elaboración de documentos de licitación da concesión de xestión de servizo público dos servizos de Saneamento e Abastecemento do Concello de Ames

Informe de Valoración de Ofertas

14 de novembro de 2016

Índice

1	INTRODUCCIÓN	3
2	VALORACIÓN OFERTAS	3
2.1	PROXECTO DE ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS	4
2.1.1	ORGANIZACIÓN PLANTEXADA DO SERVIZO QUE PERMITA GARANTIR A CALIDADE DO SERVIZO SUXEITA ÁS DIMENSIÓNS ACTUAIS DO CADRO DE PERSOAL	4
2.1.2	MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS	6
2.1.3	SISTEMA DE TELEXESTIÓN PROPOSTO	9
2.2	METODOLOXÍA DE XESTIÓN E MELLORA DOS SERVIZOS PROPOSTOS	11
2.2.1	PLAN DE EXPLOTACIÓN, MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS, ETAP E REDE DE ABASTECIMENTO	11
2.2.2	PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA AUGA POTABLE	19
2.2.3	PLAN DE EXPLOTACIÓN, MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS E REDE DE SANEAMENTO	22
2.2.4	PLAN DE CONTROL DE VERTE DURAS E FUGAS DE SANEAMENTO	27
2.2.5	PLAN DE EXPLOTACIÓN, MANTENIMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS EDAR E ESTACIÓNS DE BOMBEO	32
2.2.6	PLAN DE COMUNICACIÓN, CONCIENCIACIÓN E FORMACIÓN CIDADÁ	35
2.3	MELLORAS	36
3	PUNTUACIÓNS TOTAIS	37
4	CONCLUSIÓNS XERAIS	38

1 INTRODUCCIÓN

O obxectivo deste documento é a valoración técnica das ofertas presentadas ó concurso do servizo público do “Ciclo integral da auga” no concello de Ames. As ofertas a valorar son as correspondentes ás cinco empresas seguintes:

- ESPINA Y DELFÍN, S.L.
- FCC AQUALIA, S.A.
- ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U.
- SOCIEDAD DE FOMENTO AGRÍCOLA CASTELLONENSE SA (FACSA) – ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A. (UTE)
- VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU.

2 VALORACIÓN OFERTAS

Desagrégase a continuación a puntuación para cada un dos criterios subxectivos establecidos no apartado “VI.-Criterios base para a adxudicación” do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares. Para cada un dos puntos indicados en dito Prego detállanse os aspectos considerados máis relevantes para a valoración, de acordo ó establecido no apartado “IV. Contido das Proposicións” para o Sobre B, tamén recollido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

2.1 PROXECTO DE ORGANIZACIÓN DOS SERVIZOS

2.1.1 ORGANIZACIÓN PLANTEXADA DO SERVIZO QUE PERMITA GARANTIR A CALIDADE DO SERVIZO SUXEITA ÁS DIMENSIÓN S ACTUAIS DO CADRO DE PERSOAL PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 puntos

O obxectivo deste apartado é desenvolver os medios persoais adscritos aos servizos, indicando aspectos tales como: estrutura e organigrama do persoal, categoría profesional, retribucións salariais, convenio colectivo de aplicación, dedicación, funcións, quendas de traballo, plan de prevención de riscos laborais, plans de formación, etc. Na seguinte táboa detállanse os aspectos clave que levan á valoración dada para cada unha das empresas:

Táboa 1. Valoración apartado "Organización plantexada do servizo que permita garantir a calidade do servizo suxeita ás dimensións actuais do cadro de persoal".

ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALLA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS	VIAQUA
<p>Comentarios</p> <p>En canto ó persoal adscrito directamente ó servizo, a maiores do persoal mínimo establecido no Prego:</p> <p>-Adscribese ao servizo un Xefe de Planta adicional, cunha dedicación do 15%. Esta persoa exercerá como xefe de planta da nova ETAP.</p> <p>-Un dos auxiliares administrativos que por prego aparece a media xornada, pásase a xornada completa.</p> <p>Inclúense as retribucións salariais de cada un dos postos propostos.</p> <p>En relación ó persoal de apoio en actuacións concretas, a oferta fala dun total de 11 operarios (só en brigadas, sen contar outro persoal especializado de servizos centrais):</p>	<p>Comentarios</p> <p>En canto ó persoal adscrito directamente ó servizo, límitase ó requirido no Prego. Cabe indicar que se mostra unha incoherencia importante con respecto a un dos administrativos; se ben se indica na táboa de persoal adscrito que terá dedicación ó 50%, no plan de persoal anual aparece con dedicación mañá e tarde (entre outras cousas, será necesario mañá e tarde porque as oficinas de Milladoiro e Bertamiráns de atención ó público deberán estar abertas mañá e tarde).</p> <p>Non se inclúen as retribucións salariais de cada un dos postos propostos; inclúese comentario conforme salario e demais dereitos respectarán o Convenio.</p>	<p>Comentarios</p> <p>En canto ó persoal adscrito directamente ó servizo, a maiores do persoal mínimo establecido no Prego, adscribese ó servizo un novo administrativo, a xornada parcial. Cabe indicar que se mostra unha incoherencia con respecto ó administrativo (de nova contratación) para a oficina de Milladoiro; se ben se indica que terá dedicación parcial, logo na táboa de plan de persoal aparece con quenda de mañá e tarde (a oficina de Milladoiro ten que estar aberta en horario de mañá e tarde).</p> <p>Non se inclúen as retribucións salariais de cada un dos postos propostos; inclúese comentario conforme salario e demais dereitos respectarán o Convenio.</p>	<p>Comentarios</p> <p>En canto ó persoal adscrito directamente ó servizo, a maiores do persoal mínimo establecido no Prego, adscribese ó servizo un novo administrativo, a xornada completa. Cabe indicar que se mostra unha incoherencia con respecto ó administrativo subrogado; se ben se indica que estará ó 50%, no plan de persoal anual aparece con 8 h de traballo diario.</p> <p>Non se inclúen as retribucións salariais de cada un dos postos propostos; simplemente se menciona o convenio colectivo</p> <p>En relación ó persoal de apoio , a oferta non establece brigadas especiais de operarios; fala do apoio de persoal especializado e, como aspecto importante, dun centro de</p>	<p>Comentarios</p> <p>En canto ó persoal adscrito directamente ó servizo, o auxiliar administrativo que no prego aparece ó 50%, pásase a xornada completa.</p> <p>Non se inclúen as retribucións salariais de cada un dos postos propostos; inclúese comentario de retribucións salariais segundo convenio colectivo, pero sen importes.</p> <p>En relación ó persoal de apoio , a oferta non establece brigadas especiais de operarios; fala do apoio de persoal especializado e tamén cita a unha brigada de mantemento electromecánico. Tamén se fala dun retén para emerxencias formado por un operario adicional.</p> <p>No tocante ó plan de persoal, indicase que o persoal de</p>

ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
<p>-Brigada cobertura de emerxencias e avarias: 2 operarios</p> <p>-Brigada de servizos complementarios: 7 persoas</p> <p>-Brigada de apoio en puntas de traballo o estacionais: 2 operarios</p> <p>No plan de persoal anual proposto ofértanse 8 persoas para cobertura de vacacións dos traballadores, con dedicación total correspondente a 16 meses.</p> <p>Outros temas considerados:</p> <p>-Uniformes e identificación do persoal: menciónase, pero non se detalla.</p> <p>-O Plan de Seguridade e saúde detállase de forma pormenorizada. En canto ó Plan de Formación do persoal, especificanse os diferentes cursos, o seu número de horas, o temario e o persoal concreto do servizo ó que vai dirixido.</p>	<p>En relación ó persoal de apoio , a oferta non establece brigadas especiais de operarios; fala basicamente do apoio de persoal especializado. Tamén se fala de gardas e reténs formados polo propio persoal adscrito ó servizo.</p> <p>No tocante ás vacacións, indícase que as ausencias por vacacións serán substituídas dende o primeiro día, xa que se pode considerar a contratación de maneira programada. O persoal substituído terá como mínimo a mesma categoría ou similar á da persoa á que substitúa.</p> <p>Outros temas considerados:</p> <p>-Uniformes e identificación do persoal: descríbese, pero non se indica nada sobre a inserción do escudo do Concello e o tipo de servizo vinculado.</p> <p>-O Plan de Seguridade e saúde detállase de forma pormenorizada. En canto ó Plan de Formación do persoal, inclúense diferentes tipos de cursos segundo as funcións do persoal, pero non se especifican aspectos como o número de horas, etc.</p>	<p>En relación ó persoal de apoio , a oferta non establece brigadas especiais de operarios; fala basicamente do apoio de persoal especializado e dunha brigada de obras subcontratada a tempo parcial.</p> <p>No tocante ás vacacións, no plan de persoal, para cada un dos postos adscritos ó servizo, indícase que se substituirá por persoal de Acciona (ou externo), pero non se entra en detalle.</p> <p>Outros temas considerados:</p> <p>-Uniformes e identificación do persoal: ofrécese información detallada.</p> <p>-O Plan de Seguridade e saúde detállase de forma pormenorizada. En canto ó Plan de Formación do persoal, especificanse os diferentes cursos, o seu número de horas, o temario e o persoal concreto do servizo ao que vai dirixido. Inclúense plan para o 2017, coas datas específicas.</p>	<p>control 24 h para o sistema de telecontrol.</p> <p>No tocante ó plan de persoal, indícase que se organizarán as vacacións de forma que sempre haxa un equipo operativo para cada servizo, pero non se fala de substitucións. No caso de que se produza unha baixa de longa duración, a persoa de baixa será substituída por persoal eventual contratado ou persoal propio da empresa concesionaria. A incorporación de persoal de substitución será sometida á aprobación por parte do concello.</p> <p>Outros temas considerados:</p> <p>-Uniformes e identificación do persoal: menciónase, pero non se detalla (non se aportan fotos, etc).</p> <p>-O Plan de Seguridade e Saúde descríbese brevemente. En canto ó Plan de Formación do persoal, especificanse os diferentes cursos, o seu número de horas, o temario e o persoal concreto do servizo ao que vai dirixido. Inclúese unha táboa resume moi clara.</p>	<p>administración será substituído. Pero dentro do persoal adscrito ó servizo, dous oficiais do persoal mínimo serán para rotación, cubrindo as vacacións dos seus compañeiros (deste xeito non se dispón dos oficiais mínimos adscritos ó 100% ó servizo requiridos segundo prego).</p> <p>Outros temas considerados:</p> <p>-Uniformes e identificación do persoal: explícase detalladamente.</p> <p>-O Plan de Seguridade e Saúde descríbese con detalle. En canto ó Plan de Formación do persoal, inclúese un listado de cursos, pero non se especifica o temario nin o persoal ó que vai dirixido cada un deles.</p>
<p>Puntuación</p> <p>2,74</p>	<p>Puntuación</p> <p>1,80</p>	<p>Puntuación</p> <p>2,25</p>	<p>Puntuación</p> <p>2,52</p>	<p>Puntuación</p> <p>2,18</p>

2.1.2 MEDIOS MATERIAIS E TÉCNICOS

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 3 puntos

O obxectivo deste apartado é desenvolver os medios materiais e técnicos que o adxudicatario porá a disposición do servizo. Non se inclúe neste apartado a valoración do sistema de telexestión en tanto que este se valorará de forma individual noutro apartado. Na seguinte táboa detállanse os aspectos clave que levan á valoración dada para cada unha das empresas:

Táboa 2. Valoración apartado “Medios materiais e técnicos”.

Appds. considerados	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OH	VIAQUA
Vehículos a disposición do servizo	<p>-9+2 vehículos: 1 turismo, 1 todoterreo, 6 furgonetas, 1 camión basculante con grúa e 2 remolques.</p> <p>-Dedicación: 100%</p> <p>-Propiedade: Nova compra, presentase factura proforma e previsión de amortización.</p> <p>-Prazo de posta en servizo: Inmediato.</p>	<p>-8+1 vehículos: 1 turismo, 7 furgonetas e 1 remolque.</p> <p>-Dedicación: 100%</p> <p>-Propiedade: Renting.</p> <p>-Prazo de posta en servizo: Inmediato, excepto remolque 1 mes.</p>	<p>-8 vehículos: 1 turismo, 2 todoterreos, 4 furgonetas, 1 furgón.</p> <p>-Dedicación: 100%</p> <p>-Propiedade: Renting</p> <p>-Prazo de posta en servizo: Menor de 1 mes</p>	<p>-7 vehículos: 1 turismo, 2 pick up e 4 furgonetas.</p> <p>-Dedicación: 100 %</p> <p>-Propiedade: Alquiler</p> <p>-Prazo de posta en servizo: Inmediato.</p>	<p>-7 vehículos: 1 turismo, 1 todoterreo, 5 furgonetas.</p> <p>-Dedicación: 100 %</p> <p>-Propiedade: Renting.</p> <p>-Prazo de posta en servizo: Inmediato.</p>
Dependencias	Inclúense datos de oficinas e nave segundo o indicado no Prego, coa correspondente valoración económica.	Inclúense datos de oficinas e almacén do servizo, coa correspondente valoración económica para o seu acondicionamento. Non se indican datos precisos de situación nin superficie.	Inclúense datos de oficinas e almacén do servizo segundo o indicado no Prego, sen valoración económica.	Inclúense datos de oficinas e almacén do servizo, sen ningún tipo de valoración económica. Non se indican datos precisos de situación nin superficie.	Inclúense datos de oficinas e almacén do servizo segundo o indicado no prego, coa correspondente valoración económica para o seu acondicionamento.
Almacén materiais	Indicase stock mínimo, coa súa correspondente valoración económica.	Non se relaciona o stock do que se disporá. Indicase o modo en que se determinará o stock mínimo.	Indicase stock mínimo do que se disporá, pero non se relaciona a valoración económica.	Indicase stock mínimo do que se disporá, pero non se relaciona a valoración económica.	Indicase stock mínimo do que se disporá, pero non se relaciona a valoración económica.

Apds. considerados	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OH	VIAQUA
	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
Medios técnicos (sen incluír aquí a valoración do sistema de telexestión)	<p><u>Maquinaria</u></p> <p>1 retroexcavadora con cazos e martelo</p> <p>1 dumper</p> <p>2 remolques de carga (xa indicados en apdo. de Vehículos)</p> <p>Inclúese dedicación (100%) e valoración económica</p>	<p><u>Maquinaria</u></p> <p>1 retroexcavadora</p> <p>1 vehículo reparación avarías por métodos non destrutivos</p> <p>1 furgón de inspección televisada do saneamento e rehabilitación sen gabiá</p> <p>Grado de dedicación: s/necesidades</p> <p>Non se inclúe valoración económica (ó ser s/necesidades)</p>	<p><u>Maquinaria</u></p> <p>1 dumper</p> <p>Grado de dedicación: s/necesidades</p> <p>Non se inclúe valoración económica (ó ser s/necesidades)</p>	<p><u>Maquinaria</u></p> <p>Indícase a maquinaria da que dispón Espina e Facsa, pero non se indica dedicación nin valoración económica.</p>	<p><u>Maquinaria</u></p> <p>3 remolques</p> <p>Inclúese dedicación (100%) e valoración económica</p>
	<p><u>Equipos limpeza rede sumidoiros</u></p> <p>Inclúese dedicación e valoración económica dos seguintes equipos:</p> <p>-3 camiós cisterna succionador/impulsor, cunha dedicación unitaria do 20%.</p> <p><u>Equipos de traballo e ferramentas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas, con % dedicación e valoración económica.</p> <p><u>Equipos busca de fugas</u></p> <p>Inclúese dedicación e valoración económica dos seguintes equipos:</p>	<p><u>Equipos limpeza rede sumidoiros</u></p> <p>Inclúese dedicación do seguinte equipo:</p> <p>-1 camión cisterna succionador/impulsor, cunha dedicación s/necesidades</p> <p><u>Equipos de traballo e ferramentas</u></p> <p>Inclúese relación de equipos que se empregarán na explotación de redes e instalacións de abastecemento e alcantarillado, con % dedicación. Inclúese valoración económica para os que teñen dedicación ó 100%.</p> <p><u>Equipos busca de fugas</u></p> <p>Inclúese dedicación dos seguintes equipos:</p>	<p><u>Equipos limpeza rede sumidoiros</u></p> <p>Inclúese 1 remolque de alta presión. Non se indica dedicación nin valoración económica.</p> <p><u>Equipos de traballo e ferramentas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas, sen % dedicación e sen valoración económica.</p> <p><u>Equipos busca de fugas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas, sen % dedicación e sen valoración económica.</p>	<p><u>Equipos limpeza rede sumidoiros</u></p> <p>Trátase dun equipo que se subcontratará.</p> <p><u>Equipos de traballo e ferramentas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas que se empregarán na explotación de redes e instalacións de abastecemento e alcantarillado, con % dedicación.</p> <p><u>Equipos busca de fugas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas que se empregarán na explotación de redes e instalacións de abastecemento e alcantarillado, con % dedicación e valoración económica.</p>	<p><u>Equipos limpeza rede sumidoiros</u></p> <p>Indícase que os seguintes equipos terán unha dedicación parcial:</p> <p>-Camiós de limpeza (ata 9 uds).</p> <p>-Equipo COMBI</p> <p>Non se indica valoración económica</p> <p><u>Equipos de traballo e ferramentas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas que se empregarán na explotación de redes e instalacións de abastecemento e alcantarillado, con % dedicación e valoración económica.</p> <p><u>Equipos busca de fugas</u></p> <p>Inclúese relación de ferramentas que se empregarán na explotación de redes e instalacións de abastecemento e alcantarillado, con % dedicación e valoración económica.</p>

Apds. considerados	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios			
ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUAUA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OH	VIAQUA	-Caudalímetro ultrasónico portátil -Detectores de fugas Pernalog -Xeófono dixital -Detector de fugas de correlación acústica -Rexistrador de fugas de auga(trompetas) -Localizador elementos ferromagnéticos	-Detector de fugas Pernalog -Xeófono dixital -Sistema integrado continuo de redución de pérdivas (Pernalog) Ó ser dedicación s/necesidades, non se inclúe valoración económica.	Nomeanse os seguintes equipos, pero sen dedicación e sen valoración económica: -Corrallogs -Correlador -Xeófono	Nomeanse os seguintes equipos, pero sen dedicación e sen valoración económica: -Equipos Detección de Fugas (caña de latón) -Equipo Detección de Fugas (Varillas de escoita electrónica) -Xeófono -Tricorrelador dixital portátil -Prelocalizadores de fugas -Dataloggers	-Pernalog -Correlador acústico Eureka -Correlador acústico Enigma Tamén se inclúe valoración económica.
<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese: -Sistema robotizado portátil inspección de acometidas (80%) -Robot cámara inspección de tuberías C.C.T.V. acoplado en vehículo. (100%) <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese valoración económica só para ETAP.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese: -Equipo de inspección mediante circuito cerrado de TV. (dedicación s/necesidades). Enténdese que será distinto ó que se plantexa nas melloras. <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese relación de equipos para ETAP e EDAR, con valoración económica.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese -1 sistema portátil con cámara zoom e sistema de pértiga para revisión dende pozos. -1 cámara CCTV (=plantexada nas melloras) <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese relación de equipos só para ETAP.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese -Cámara de inspección (=plantexada nas melloras) <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese relación de equipos só para ETAP.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese -Cámara de inspección (=plantexada nas melloras) <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese relación de equipos só para ETAP.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Ademais da que se adscribe ó 100% polo tema de melloras, VIAQUA ofrece a dedicación parcial doutras 2 cámaras. <u>Equipamento de control de proceso</u> Inclúese relación de equipos só para ETAP.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese relación de medios, con % dedicación e valoración económica.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese relación de medios, con % dedicación e valoración económica.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese relación de medios, con % dedicación e valoración económica.	<u>Equipos diagnose e exploración de redes</u> Inclúese relación de medios, con % dedicación e valoración económica.
Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación	Puntuación			
2,93	2,25	1,95	1,84	2,18					

2.1.3 SISTEMA DE TELEXESTIÓN PROPOSTO

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 6 puntos

O obxectivo deste apartado é detallar o sistema de telexestión proposto polos licitadores para o control e manioabralidade a distancia das distintas instalacións, tanto de abastecemento como de saneamento. A continuación analízanse as principais diferenzas entre os distintos sistemas propostos:

Táboa 3. Valoración apartado "Sistema de telexestión proposto".

ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
<p>Tipo de comunicación: GSM/GPRS</p> <p>O sistema abarcará moitas das instalacións do servizo. En relación á nova ETAP, non se levarán as sinais ata o posto central. En canto ás variables monitorizadas, se ben se plantea un número importante, bótese en falta por exemplo a sinal de detección de intrusismo.</p> <p>O sistema proposto presenta as seguintes vantaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Gratis -Programación aberta -Posibilidade de actuación remota <p>Non se trata dun sistema totalmente gratuito; licencias por puntos.</p> <p>Por outra banda, non se especifica procederá á interconexión entre varias instalacións. Non se inclúe a valoración económica.</p>	<p>Varios tipos de comunicación</p> <p>O sistema abarcará practicamente todas as instalacións do servizo (en relación á nova ETAP, só se fala da captación e da saída, sen especificar). Non se especifican as variables a monitorizar.</p> <p>O sistema proposto presenta as seguintes vantaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Programación aberta -Posibilidade de actuación remota <p>Non se trata dun sistema totalmente gratuito; licencias por puntos.</p> <p>Por outra banda, non se especifica se se procederá á interconexión entre varias instalacións. Inclúese a valoración económica.</p>	<p>Varios tipos de comunicación</p> <p>O sistema abarcará practicamente todas as instalacións do servizo (da nova ETAP só se fala da captación e dos depósitos de auga tratada). En canto ás variables a monitorizar, bótanse en falta sobre todo variables nas EDAR.</p> <p>O sistema proposto presenta as seguintes vantaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Programación aberta -Posibilidade de actuación remota <p>Non se trata dun sistema totalmente gratuito; licencias por puntos.</p> <p>Por outra banda, non se especifica se se procederá á interconexión entre varias instalacións. Non se inclúe a valoración económica.</p>	<p>Tipo de comunicación: GRPS/3G + VPN</p> <p>Moitas instalacións do servizo non se introducen no sistema de telexestión. De feito, faltan instalacións: 2 EDAR, diversos bombeos, etc. En canto ás variables a monitorizar, nas EDAR e ETAP apróveitase o telecontrol existente. A oferta indica textualmente como se accederá ó control e supervisión da nova ETAP e das EDAR de Bertamiráns e Milladoiro dende o Ordenador Central.</p> <p>O sistema proposto presenta como vantaxe a posibilidade de actuación remota.</p> <p>Non se trata dun sistema totalmente gratuito; licencias en SCADA (900 variables).</p> <p>Por outra banda, indícase que se procederá á interconexión entre varias instalacións (existentes e novas vía radio). Non se inclúe a valoración económica.</p>	<p>Tipo de comunicación: GSM/GPRS</p> <p>Moitas instalacións do servizo non se introducen no sistema de telexestión. De feito, faltan numerosos bombeos e a EDAR de Agrón. Sen embargo, a oferta reflexa con claridade como se vai a actuar sobre as instalacións que na actualidade teñen xa o seu SCADA (nova ETAP, EDAR Bertamiráns,...) En canto ás variables a monitorizar, considérase que son as adecuadas.</p> <p>O sistema proposto presenta as seguintes vantaxes:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Gratis -Programación aberta -Posibilidade de actuación remota <p>Por outra banda, indícase que se procederá á interconexión entre varias instalacións vía radio. Non se inclúe a valoración económica.</p>

ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUAUA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS	VIAQUA
Comentarios Puntuación	Comentarios Puntuación	Comentarios Puntuación	Comentarios Puntuación	Comentarios Puntuación
5,25	3,23	3,82	3,83	5,38

2.2 METODOLOXÍA DE XESTIÓN E MELLORA DOS SERVIZOS PROPOSTOS

2.2.1 PLAN DE EXPLOTACIÓN, MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E REPARACIÓN DAS INSTALACIÓNS, ETAP E REDE DE ABASTECEMENTO PUNTUACIÓN MÁXIMA: 2 puntos

O obxectivo deste apartado é desenvolver a forma en que se levará a cabo a xestión, conservación, mantemento, reparación e reposición dos sistemas de captación e potabilización propios do Concello, impulsións, depósitos de regulación, rede de distribución e sistemas de postcloración e control. Relacionado con este apartado, cabe indicar que o conxunto de empresas indican nas súas ofertas que procederán á aplicación de ferramentas informáticas para facilitar a xestión, explotación, e mantemento das instalacións, ETAP e rede de abastecemento.

A continuación analízanse os principais aspectos recollidos para o apartado obxecto de estudo:

Táboa 4. Valoración apartado “Plan de explotación, mantemento, conservación e reparación das instalacións, ETAP e rede de abastecemento”.

Apds. considerados	ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCCAQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
Plan de Explotación Instalacións (incluída ETAP) E Rede de Abastecemento	INSTALACIÓNS ABASTECEMENTO: Desenvola un Plan de Explotación, coas distintas actividades a realizar, para cada unha das seguintes instalacións: -Bombeo aceleración Milladoiro -Depósitos de Milladoiro (1000 e 1500 m3) -Manantiais Castiñeiro do Lobo -Depósito Castiñeiro do Lobo -Depósito e grupo de presión Aldea Nova -Depósito Bosque Animado -Captación río Roxos -Bombeo de Quistiáns	INSTALACIÓNS ABASTECEMENTO: Só se fala do Plan de Explotación da ETAP. Na oferta relátanse as operacións específicas de explotación dunha ETAP en cada unha das zonas de tratamento.	INSTALACIÓNS ABASTECEMENTO: Só se fala do Plan de Explotación da ETAP: control de proceso, control de caudais, etc. Desenvola as actuacións a realizar para cada parte de proceso.	INSTALACIÓNS ABASTECEMENTO: Desenvólase un plan de control de operación para as ETAP: verificación niveis depósitos, control dosificación, supervisión proceso,...	INSTALACIÓNS ABASTECEMENTO: Lévese a cabo unha descripción pormenorizada das distintas instalacións de abastecemento. Detállanse as actividades de explotación a realizar para: -Sistema de captación: lecturas de caudal, ... -ETAP: control de proceso mediante realización de análises, control de planta (partes de control diario, ...) -DEPÓSITOS: control de niveis, nivel de cloro,...

Apsds. considerados	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
	ESPINA Y DELFIN, S.L. -Bombeo de Aldea Nova -Captación e bombeo río Tambre -ETAP nova -Depósito Agrón	FCC AQUALLA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA Comentarios Realización de informes mensuais para entregar no concello. Descríbese o modo de actuar ante unha serie de factores críticos á hora de operar a ETAP: -Chuvias/sequias -Vertidos na captación
	REDE ABASTECIMIENTO: Descríbese unha relación de actuacións a desenvolver, coa súa frecuencia correspondente: -Trámites administrativos (altas, baixas,...) -Execución de acometidas -Contadores -Vixilancia e control da calidade da auga. -Sectorización da rede de abastecemento. Tamén se fala das seguintes actividades: -Tratamento das reclamacións: contestación en un prazo máximo de 10 días hábiles	REDE ABASTECIMIENTO: Propiamente non hai un apartado que fale de Plan de Explotación da Rede. Pero aquí poderían incluírse actividades que aparecen noutros apartados, como o tema de contadores, etc.	REDE ABASTECIMIENTO: Propiamente non se fala de Plan de Explotación	REDE ABASTECIMIENTO: Fálase unicamente do control analítico da auga.	REDE ABASTECIMIENTO: Lévese a cabo unha descrición pormenorizada da rede de distribución de abastecemento. Rexistro de variables (renovacións, ampliacións, fugas, ...) e seguimento mediante o cálculo de indicadores.
Plan de Mantemento preventivo	INSTALACIÓNS ABASTECIMIENTO:	INSTALACIÓNS ABASTECIMIENTO: Instalacións singulares abarcadas: -Captacións	INSTALACIÓNS ABASTECIMIENTO: Indicase que ó comezo do contrato se fará un inventario de todas as	INSTALACIÓNS ABASTECIMIENTO:	INSTALACIÓNS ABASTECIMIENTO: <u>Mantemento preventivo:</u>

Apds. considerados	ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
<p>Instalacións</p> <p>Abastecemento</p>	<p>Indícase que no primeiro mes de contrato identificaranse todos os equipos electromecánicos.</p> <p>O desenvolvemento deste apartado considérase adecuado, aportando concreción nas actividades propostas.</p> <p>MANTEMENTO PREDICTIVO (vibracións e termografías)</p> <p>MANTEMENTO PREVENTIVO: Establece as actuacións e frecuencia das actividades de mantemento para os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Instalacións eléctricas -Equipos electrónicos -Circuitos eléctricos de baixa tensión -Equipos mecánicos e electromecánicos <p>MANTEMENTO METROLÓXICO (mantemento do sistema de control):</p> <ul style="list-style-type: none"> -Indícanse actividades de calibración sobre os equipos de control. <p>MANTEMENTO NORMATIVO E LEGAL: Afecta a:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Equipos a presión. 	<p>-ETAP</p> <ul style="list-style-type: none"> -Depósitos -Grupo de presión/bombeo -Fontes ornamentais <p>(o mantemento deste elemento non aparece noutras ofertas)</p> <p>As actividades de mantemento preventivo divídense en 3 bloques: mecánicas, eléctricas e de instrumentación.</p> <p>Na oferta desglósanse os plans de mantemento mínimos que se desenvolverán en cada unha das instalacións singulares consideradas para o servizo de abastecemento.</p>	<p>infraestruturas relacionadas, inventario que se irá actualizando.</p> <p>A oferta fala dun Plan de Mantemento Integral, que abarcará:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mantemento Preventivo -Mantemento Proactivo -Mantemento Enerxético e Ambiental -Mantemento Metrolóxico (para o sistema de control) -Mantemento Normativo e Legal. <p>Acción contactará coas OCA necesarias en función do equipamento en cuestión.</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mantemento Correctivo <p>Desglosa en que consiste cada tipo de mantemento. No caso do Mantemento Preventivo, desenvólvense programas específicos, con detalle de frecuencias e tarefas, para:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Equipos electromecánicos. -Grupos de bombeo. -Polipastos. -Depósitos -Elementos eléctricos. 	<p>A oferta fala dun Plan de Mantemento Integral, que abarcará:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mantemento Preventivo -Mantemento Predictivo -Mantemento Legal -Mantemento Correctivo <p>Desenvólvense as distintas actividades a realizar para as 2 ETAP: Ames-Brión e Quistiláns.</p>	<p>Noméanse as actividades de mantemento, coa súa correspondente frecuencia, dos distintos equipos da ETAP (xestión a través do programa CONTEC).</p> <p><u>Mantemento predictivo:</u> Ex: análise de vibracións.</p> <p><u>Mantemento Regulamentario</u></p>

Apds. considerados	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
	ESPINA Y DELFIN, S.L. -Almacén produtos químicos E tuberías -Instalación eléctrica baixa tensión -Centros de transformación -Equipos extinción incendios	FCC AQUALLA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U. -Elementos da rede de distribución: conducións, fugas, válvulas,....	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS Comentarios	VIAQUA Comentarios
Plan de Mantenimento correctivo instalacións abastecemento	Realízase unha clasificación das avarías en función do seu efecto. Cando se trata de equipos moi críticos (non hai subministro de auga á rede), establececese un prazo máximo de 48 h para a súa reparación (<i>valor que se considera bastante elevado</i>). Indicase que a substitución de equipos electromecánicos na instalación ETAP realizarase cando se chegue ó final da súa vida útil, ou o importe de reparación sexa superior ó 85% do coste de adquisición.	Tamén se fala de mantemento modificativo ou de reposición: consistirá en realizar un conxunto de accións sobre os equipos xa en servizo, co fin de mellorar e obter o máximo rendemento, ou a implantación de novas instalacións máis fiables. Non se indica nada sobre cando se levará a cabo a substitución por novos equipos.	Non se indica nada sobre os prazos máximos para a reparación das avarías de forma xeral. Sen embargo, para a ETAP desenvólase un estudo preliminar de avarías críticas do sistema: calificación de avarías, tempos de resposta, etc. Non se indica nada sobre a substitución de equipos. Unicamente se fala de reposición de elementos da rede como válvulas, tapas, etc.	Desenvólase a forma de proceder: 1º) Parte de avaría 2º) Orde de traballo coas medidas a tomar. 3º) Informe do mantemento. 4º) Rexistro histórico de cada equipo Non se indica nada sobre os prazos máximos para a reparación das avarías.	Indicase que as reparacións dos elementos da planta, sen os cales non é posible a continuidade e funcionamento das instalacións, realizaranse nun prazo de 24 horas . Diferénciase entre equipos críticos, equipos esenciais, e equipos xerais.
Plan de Conservación das instalacións de abastecemento	Desenvólase actuacións de mantemento e conservación, coa frecuencia correspondente, a levar a cabo en: -Obra civil -Carpintería metálica (incluída calderería, válvulas, etc) -Limpeza depósitos auga potable -Limpeza casetas de bombeo	As actividades vinculadas están incluídas dentro do plan de mantemento.	Actuacións de conservación: -Plans de pintura de edificios, cerramentos, barandillas, luminarias, tubaxes e equipos. -Limpeza parcelas e edificios -Mantemento zonas axardinadas. -Conservación acometidas e contadores de abonados.	Labores de conservación: -Traballos de xardinería e traballos de limpeza. -Traballos de control de plagas e hixiene: desinfección, desinsectación e desratización. -Traballos de pintura. -Traballos de protección de cadros eléctricos.	Establécese a frecuencia das operacións de limpeza e pintura, e outro tipo, sobre elementos de obra civil: obra civil interior e exterior, urbanización, xardíns, ...

Apds. considerados	ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
	<p>-Limpieza de salas eléctricas ou de bombeo ou outros locais das instalacións, manténdooos limpos e en perfectas condicións de uso.</p> <p>-Desbroce das parcelas dos depósitos, bombeos e ETAP</p> <p>-Limpieza exterior e de acceso ás instalacións</p>		<p>Actuacións de reposición:</p> <p>-Obras de conservación, de mellora da rede ou en acometidas, mediante traballos de apertura de gabia.</p> <p>-Reposición de certos elementos da rede, tales como válvulas, tapas, cercos e rexillas.</p>		
<p>Plan de Mantemento preventivo e conservación Rede de abastecemento</p>	<p>Indícanse unha serie de actuacións, pero non se establecen frecuencias.</p> <p>Por outra banda, fálase lixeiramente de actuacións de lavado de tubaxes e tamén de desinfección das conducións.</p>	<p>O programa de mantemento do sistema de redes implantarase en todos aqueles elementos do sistema, tales como: tubaxes e elementos de maniobra (chaves de corte, válvulas reductoras, antirretorno, ventosas, hidrantes, bocas de rego, etc). Non se indican as actuacións.</p> <p>No tocante a obras de ampliación ou a traballos de reparación ou renovación, indícase o modo de actuar ante distintas situacións: apertura de gabias, tapado e compactado de gabias, entibacións, etc. En todo caso se cumpriran as Normas do Concello, así como outras normas vixentes.</p>	<p>A oferta mestura nun mesmo apartado Rede e Instalacións de abastecemento. Todo o detallado anteriormente é aplicable a este apartado.</p>	<p>A oferta fala dun Plan de Mantemento Integral, que abarcará:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Mantemento Preventivo -Mantemento Predictivo -Mantemento Legal -Mantemento Correctivo <p>Establécense unha serie de actuacións para o mantemento preventivo de distintos tipos de bombas.</p>	<p><u>Mantemento preventivo:</u> Noméanse as actividades de mantemento, coa súa correspondente frecuencia (xestión a través do programa CONTEC). Elementos incluídos: válvulas, bocas de rego, tapas de rexistro, acometidas, ...</p> <p><u>Mantemento predictivo:</u> recollida de datos do sistema e o seu posterior análise: simulacións da rede, emprego de equipos de “escoita permanente nocturna”, estudio da resistencia mediante Ensaio de Ultrasonido en Campo,....</p> <p>Por outra banda, elaborárase no primeiro trimestre de inicio do contrato e no de cada ano, un Plan de Mantemento Correctivo Programado identificando as actuacións clave a realizar para</p>

Apds. considerados	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
				<p>reducir o nivel de incidentes do sistema.</p> <p>Fálase especificamente do mantemento do SIG e a cartografía da rede de abastecemento:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Recopilación e análise da información existente. -Actualización da rede de abastecemento. Toma de datos en campo e implantación SIG. -Realización da topografía superior dos elementos do abastecemento (determinación coordenadas X,Y,Z). Inclúese o levantamento de novas zonas. -Toma de datos de topografía interior: traballo de campo para o rexistro de características xeométricas dos condutos, diámetro, material,... -Dixitalización dos elementos e definición da base de datos. <p>Incorporarase ó GIS de explotación unha base de datos de operacións: características de cada un dos elementos, fichas de mantemento, actuacións de emerxencia, etc.</p> <p>Tamén se incorporará ó GIS o Plan Xeral de Ordenación e os documentos de planeamento urbanístico.</p>	

Apds. considerados	ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS	VIAQUA
	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
<p>Xestión de avarías rede de abastecemento.</p>	<p>A empresa indica que disporá dun servizo de garda as 24 h/d, os 365 d/a. Polo tanto, a resposta será inmediata, comprometéndose a un tempo máximo de resposta de 10 minutos.</p> <p>En canto ós cortes programados de subministro de auga, darase aviso na web e tamén nos medios de comunicación local.</p> <p>Cabe indicar que tamén se fai referencia á xestión de situacións de emerxencia en abastecemento. En concreto, indícase a forma de actuación ante situacións de contaminación de auga ou fallo de subministro eléctrico. En caso necesario, indícase que se procedería a subministrar auga por cisternas ou outros medios.</p>	<p>A empresa indica que todas as chamadas dos clientes se atenderán as 24 horas do día, os 365 días do ano a través do Centro de Atención ó cliente, que se porá en contacto de forma inmediata coa persoa indicada do servizo para iniciar a reparación da avaría.</p> <p>Como parámetros a controlar:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Tempo máximo de chegada ó lugar da avaría: 15 minutos. -Tempo máximo de restablecemento do servizo (se fose necesario): 8 horas -Tempo máximo de restablecemento do tráfico (se fose necesario): Zona urbana<0,50 días Zona rural<1,00 días <p>Tamén se procederá ó subministro de auga con cubas ós usuarios, no caso de que a interrupción do subministro supere as 10 horas.</p>	<p>A empresa indica que disporá dun servizo de garda as 24 h/d, os 365 d/a.</p>	<p>A empresa indica que disporá dun centro de control as 24 h/d, os 365 d/a.</p>	<p>A empresa indica que disporá dun servizo permanente de retén as 24 h/d, os 365 d/a.</p> <p>Cando se produza unha interrupción do subministro, VIAQUA minimizará o tempo da mesma, comunicando ó concello de Ames en caso dunha interrupción imprevista, e ó Concello e clientes en caso de interrupción programada.</p> <p>Nas interrupcións de servizo que poidan ser planificadas, VIAQUA procederá a comunicalo con 48 h de antelación ó concello. Asimesmo adoptará as medidas necesarias para informar ós usuarios.</p> <p>Cabe indicar que tamén se fai referencia á xestión de situacións de emerxencia en abastecemento. En concreto, indícase a forma de actuación ante 3 situacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> -Rotura conducións de traida, impulsións ou grandes arterias de distribución. -Fallo subministro eléctrico

Apds. considerados	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
	ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS	VIAQUA
					-Avaria grupo de bombeo
					VIAQUA comprométese a estudar a posibilidade de interconectar as redes de distribución derivadas da nova ETAP para incrementar a autonomía do servizo.
	Puntuación 1,56	Puntuación 1,38	Puntuación 1,34	Puntuación 1,32	Puntuación 1,64

2.2.2 PLAN DE CONTROL DE CALIDADE DA AUGA POTABLE

PUNTUACIÓN MÁXIMA: 1 punto

O obxectivo deste apartado é explicar como se levará a cabo o control preceptivo da calidade da auga coa periodicidade e o resto de condicións fixadas na regulamentación recollida no RD 140/2003, do 7 de febreiro, polo que se regulan os criterios da calidade da auga de consumo humano, ou normativa vixente. A continuación analízase as principais diferenzas entre os distintos plans propostos:

Táboa 5. Valoración apartado "Plan de control da calidade de auga potable".

ESPIÑA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALIA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios	Comentarios
<p>Plan de mostraxe: Aumentarase sen coste adicional o nº total de mostraxes necesarias para o cumprimento do establecido polo RD 140/2003 (en concreto, aumentarase de 3271 análises a 5125, é dicir, máis dun 50%).</p> <p>Outros controis: PISCINAS: Segundo o establecido polo RD 742/2013 FONTES PÚBLICAS: Trimestral con abastecemento propio: Trimestral</p> <p>Laboratorios: Os análises levaranse a cabo no laboratorio propio de E&D. A día de</p>	<p>Plan de mostraxe: Aumentarase sen coste adicional o nº total de mostraxes necesarias para o cumprimento do establecido polo RD 140/2003 (en concreto, aumentarase a 5448 análises).</p> <p>Outros controis: FONTES ORNAMENTAIS: Trimestral (incluído o análise de lexionella) PISCINAS: Análise mensual, segundo o recollido na lexislación. Detállanse medidas correctoras en función das incidencias detectadas. Non se indica nada sobre os edificios con abastecemento propio.</p>	<p>Plan de mostraxe: O nº total de mostraxes é o establecido pola lexislación correspondente.</p> <p>Outros controis: FONTES MUNICIPAIS: Trimestral polo RD 742/2013 Non se indica nada sobre os edificios con abastecemento propio.</p> <p>Laboratorios: -Exames organolépticos, controis de desinfección: persoal de servizo</p>	<p>Plan de mostraxe: O nº total de mostraxes é o establecido pola lexislación correspondente.</p> <p>A maiores, levaranse a cabo análises de control "internos", sobre todo nas ETAP, para mellora do control do proceso de potabilización.</p> <p>No suposto de ser insuficientes as determinacións analíticas reflexadas na oferta, para garantir a calidade da auga, a UTE comprométese a incrementar a garantir a calidade da auga cumprindo os límites legais establecidos no RD 140/2003.</p>	<p>Plan de mostraxe: Aumentarase sen coste adicional o nº total de mostraxes necesarias para o cumprimento do establecido polo RD 140/2003. En concreto: -Mellora en canto á análise de cloro libre e combinado. -Mellora en canto ó exame organoléptico. -Mellora en canto ó análise de autocontrol. -Mellora en canto ó análise da billa do consumidor.</p> <p>Outros controis: PISCINAS: Mensual FONTES PÚBLICAS: Trimestral</p>

ESPINA Y DELFIN, S.L.	FCC AQUALLA, S.A.	ACCIONA AGUA SERVICIOS, S.L.U	FACSA – ESPINA OBRAS HIDRAULICAS	VIAQUA
